


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

23-24 de novembro do 2024

CRISTO REI DO UNIVERSO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 41 *Quen nos vai separar de Ti*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Para rematar o ano litúrxico a Igrexa celebramos hoxe o día de Cristo Rei do Universo.

Como todas as cousas, tamén o ano litúrxico ten un final para que poidamos pararnos un momento a contemplar se fomos capaces de cumprir aquilo que nos propuxemos cando o comezamos. É como o peregrino, que ao rematar o seu camiño, se pregunta se foi capaz de conseguir os obxectivos que quería acadar na súa andaina.

Hoxe é o momento de mirar cara ao noso interior e analizar se neste ano fomos capaces de coñecer máis a Xesús, se fixemos con El este camiño e se na nosa vida algo cambiou para ser mellores cristiáns.

Deámoslle grazas a Deus nesta celebración polo camiño percorrido xunto a Xesús e pidamos forza para que no novo ano litúrxico que comezaremos a vindeira semana sexamos capaces de mellorar a nosa vida cristiá.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Invoquemos agora a misericordia de Deus que nos mostrou o seu amor en Cristo como Rei e Señor de todas as cousas. Facémolo coas peticións de perdón porque queremos facelo mellor:*

Monitor/a

- Ti que es Rei amando e dando a vida na cruz por todos sen facer distincións, Señor, ten piedade de nós.
- Ti que es Rei e convidas a todos a sentírmonos fillos dun Deus que é Pai, Cristo, ten piedade de nós
- Ti que es Rei facendo comunidade, acollendo a todos, sendo e dando exemplo de coherencia, Señor, ten piedade de nós

Celebrante: *Deus agarimoso ten sempre piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns e nas nosas vidas. A todos nos regala incondicionalmente o seu perdón e confiamos en que nos acolle para a vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Busquemos, no silencio, o encontro con Deus e presentémoslle as nosas intencións para esta semana na que seguimos pousando a nosa mirada nos pobos que sofren pola riada que lles levou a vida.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai,
no teu Fillo benquerido, Rei do universo,
quixeches facer novas todas as cousas.

Fai que todas as creaturas,
liberadas da escravitude do mal,
proclamemos a túa gloria
e cantemos sempre a túa louvanza.

Pedímoscho por Xesucristo,
Rei na nosa vida, por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón
Celebrante: *O Reino de Xesús non é como nós o concibimos. O seu Reino é para todos e non se exclúe a ninguén (universal), e é para sempre (eterno).*

É o Reino da xustiza, do amor e da paz, que todos estamos chamados a facer realidade neste mundo. Pensemos se de verdade queremos formar parte dese Reino e se queremos levalo á realidade na nosa sociedade.

Leccionario I B páx 277 **Ap 1, 5-8** LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO APOCALIPSE

Xesús Cristo é a testemuña que merece fe, o primeiro en renacer da morte e soberano dos reis da terra.

A aquel que nos ama, que nos liberou dos nosos pecados co seu sangue e que nos converteu nun reino, en sacerdotes para o seu Deus e Pai: a el a gloria e mailo poder polos séculos dos séculos. Amén.

Velaquí vén nas nubes, e todo ollo o verá, mesmo aqueles que o traspasaron: por el baterán no peito todas as razas da terra. Certo. Amén.

Eu son o Alfa e o Omega, di o Señor Deus, o que é, o que era e o que está a vir, o que todo o sostén.

Palabra do Señor

♪ n° 50 Na tardiña baixa da vida

SALMO

(en pé) Leccionario I B páx 278 Xn 18, 33-37 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolle Pilato a Xesús:

- Es ti o Rei dos Xudeus?

Xesús respondeu:

- O dis ti pola túa conta ou dixéroncho outros de min?

Pilato replicou:

- E logo son eu xudeu? A túa xente e os sumos sacerdotes entregáronte a min: que fixeches?

Xesús contestoulle:

- O meu reino non é deste mundo; se deste mundo fose, os meus loitarían para que ninguén me entregase aos xudeus; pero o meu reino non é de aquí.

Díxolle entón Pilato:

- Logo ti es Rei?

Xesús respondeu:

- Tal como o estás dicindo, eu son Rei: para iso nacín e para iso vin ao mundo, para dar testemuño da verdade; todo o que está aberto á verdade, escoita a miña voz.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Porque dicimos que Cristo é Rei?, pois non cadra ben coa idea que nós temos de ser rei. Para nós rei é o que ten poder, o que ten moitas cousas, o que ten xente ao seu servicio, o que vive ben.

E porque entón dicimos que Cristo é Rei?.

* **é rei amando.** Aquela xente coa que se foi atopando descubriuno como alguén que os amaba, e sen diferenzas. Amaba de verdade.

* **é rei na xustiza.** Aqueles homes e mulleres que se sentían desprezados e desprazados atoparon nel a alguén que os trataba con xustiza, sen importar se estaban enfermos, cegos, ou pobres. El tratábaos con Xustiza, eran os preferidos de Deus.

* **é rei na paz.** Aqueles homes e mulleres cos que se atopaba sabíanse tratados coma irmáns. Para El todos eran irmáns, e a paz e a fraternidade era o mellor dos camiños.

Así é Cristo Rei e o seu Reino é un Reino de Xustiza, de Amor e de Paz. Igual nos vale a pena facermos o posible por ter parte neste Reino e con este Rei.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial damos resposta da nosa fe diante dos demais compartindo o noso Credo porque queremos facer noso o camiño de Cristo:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

*Credes en Deus, Pai e Nai,
que nos enche do seu amor para facelo realidade nos
homes e mulleres esquecidos e empobrecidos?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes en Xesucristo, Rei do Universo,
que na cruz demostrou que o seu compartir era máis ca
palabras, eran feitos cheos de amor?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes no Espírito Santo,
que alenta a colaborar construíndo o reino de Xesús
preocupándonos das persoas que menos contan na nosa
sociedade?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes na igrexa, comunidade viva,
que necesita das nosas mans, dos nosos esforzos, das
nosas preocupacións para facer crible o camiño da
igualdade, e para coidar mellor a natureza?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Por medio de Cristo, Rei do universo, presentamos a Deus Pai as necesidades da Igrexa e do mundo enteiro dicindo con fe:*

Cristo, Rei do universo, escóitanos

Monitor/a:

✓ Señor, concédenos como igrexa seguir facendo realidade o evanxeo nas palabras e nos feitos que falan de caridade, oremos

✓ Señor, Ti que rexeitas calquera outro poder que non sexa o do amor, maniféstalle aos pobres e aos sinxelos que estás sempre a súa beira, oremos

✓ Señor, Ti que reinas no corazón das persoas, concédenos a todos vivir construíndo o teu reino de paz e igualdade, oremos

✓ Señor, Ti que reinas queréndolle ben a todos, pedímosche doídos polas persoas que teñen as mans baleiras nunha riada que lles levou a vida, oremos

✓ Señor, escandalizados co que está pasando, aléntanos no esforzo por facer da sociedade un lugar acolledor, e unha natureza mellor coidada, oremos

Celebrante: *Deus, noso Pai, recibe das mans de teu Fillo as oracións que che diriximos polo mundo enteiro; e estende entre nós o reino de xustiza, de amor e de paz con El, que vive e reina por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Imos rezar agora dicindo “veña o teu Reino”. Está nas nosas mans facelo crible, pois é Reino de paz para onde medra a violencia, é Reino de xustiza para onde hai desprezo e marxinación, e é Reino de amor para refacer camiños de igualdade. Rezámolo agora co que temos aprendido en Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Dáanos a túa paz Señor e fai que saibamos transmitila ás persoas que viven sen esperanza, compartindo o teu amor con quen precisa dunha man amiga e dunha palabra de ánimo. Cristo fíxoo na coherencia ata a cruz, que nos sexamos tamén exemplo de irmandade para todos nas penas e nas ledicias. Somos e damos bo exemplo compartindo agora un xesto de paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Os discípulos tiveron que ir descubrindo pouco a pouco a proposta de Xesús, e non foron capaces de entender a cruz naquela vida. Non se daban conta de que vivir cos ollos abertos, o corazón atento e as mans comprometidas era risco, pero valía a pena porque era dar vida.*

Sintámonos orgullosos por poder compartir así neste pan a VIDA do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

♪ n° 55 No colo da miña nai

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:


Señor, oramos a ti que nesta celebración, nos das o evanxeo da vida.

A nós, que témola honra de seguir os pasos de Cristo, Rei do Universo, concédenos vivir eternamente con El no reino dos benaventurados que saben amar en verdade.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

A nosa celebración de hoxe é unha porta cara a esperanza.

Todos nós queremos seguir as pegadas de Xesús facendo realidade o seu Reino de Amor, de Xustiza e de Paz vivindo o seu Evanxeo. Vale a pena.



“Eu son Rei”

*Palabras de Xesús
no evanxeo de hoxe.*

Avísase das misas (ver folla do mes).

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

Podémonos ir en paz.

♪ n° 41 Que podemos facer sen Ti